



CALENDARIO DE FIN DE CURSO 2023-24 : 1º, 2º, 3º ESO

MARTES 18 DE XUÑO :

1. DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO E ORDENADORES

O alumnado beneficiario dun ordenador, entregarao en conserxería ás 9.15 ao chegar ao Centro.



Os portátiles entregaranse na súa caixa tal como se lle foi entregado. Entregaranse cargados para facilitar a comprobación do estado e axilizar o proceso de devolución. Os routers entregaranse aparte, na súa caixa orixinal.

DE NON COMPRIR ESTES REQUISITOS, NON SE PODERÁ CONCEDER PRÉSTAMOS PARA O VINDEIRO CURSO E DEBERÁ COMPENSAR ECONÓMICAMENTE A SUBSANACIÓN DOS DESPERFECTOS.

2. RECOLLIDA DAS CHAVES DA TAQUILLA E DEVOLUCIÓN DE FIANZA

Recollida da **chave da taquilla** (nos casos de perda da chave, descóntanse os **respectivos custos de duplicados de chave da fianza inicial de 5€**). Custo de duplicado ao día de hoxe: 1€50.

O alumnado terá que baleirar a taquilla e recoller as súas pertenzas. A recollida da chave farase ao rematar a entrega de libros, no laboratorio.

Como novidade propónse este curso manter depositada a fianza de 5€ para o curso 2024-25 e evitar así realizar unha devolución de 5€ en xuño para volver solicitalos en setembro.

No caso de que o alumnado non queira ser beneficiario para o curso que vén ou non estea neste centro, farase a devolución da fianza antes de finalizar o curso (21-06-2024) ou a calquera outro que así o solicite.

Tede en conta, no caso de ter perdido a chave, que se fará a devolución do importe restante tras o pago do duplicado. (1 duplicado = 1,50 € / 5€ - 1,50€ = 3,50€)

3. FRANXA HORARIA, LUGAR E PROFESORADO RESPONSABLE:

HORA	GRUPO	PROFESOR/A DE AULA	PROFESOR/A RECOLLIDA EN LABORATORIO
9:15-10:05	1ºA	Bea	Bea, José Luis
10:05-10:55	1ºB	Marta	Carina, José Luis
10:55-11:45	2ºA	Ricardo	Carina, Víctor A.
12:10-13:00	2ºB	Mario	Carina, Mario
13:00-13:50	3ºB	Carina / Bea	Carina, Bea
13:50-14:40	3ºA	José Luis	José Luis, Carina



A devolución de todos os libros prestados polo centro é unha **condición sine qua non** para poder ser **beneficiario do fondo de libros para o vindeiro curso**.

Os lotes faranse **na aula de referencia co profesorado da materia** que acompañará ao alumnado **ao laboratorio** onde se comprobará o estado do material devolto, comparándoo có estado rexistrado no día da entrega en setembro.

A continuación depositará na sala de ping-pong os libros prestados pola ANPA.



Lembrete devolver os libros da biblioteca, a morosidade recorrente pode ter consecuencias sobre o préstamo de libros para o curso seguinte.

VENRES 21 DE XUÑO



Remate das clases e final de curso.

Ese día haberá clase en horario habitual e servizo de comedor e transporte. O alumnado deberá deixar a aula baleira e revisarse o estado da mesa e cadeira.

LUNS 24 DE XUÑO : SESIÓNS DE AVALIACIÓN.

MARTES 25 DE XUÑO

1- ENTREGA DE NOTAS

- 11:00: 1ºESO / 2ºESO/ 3º ESO

Respectade as franxas horarias establecidas, por favor. Pode que os/ as titores/as lles queiran dedicar un tempo que non sexa unha mera entrega de boletíns. Moitos non estarán para o vindeiro curso.

Ese mesmo día, entregaráselle ao alumnado a carpeta cos impresos de matrícula.

2- PRAZO DE RECLAMACIÓNS

Desde o 25 de xuño, a partir da entrega de notas, ata o 27 de xuño de 2024.

3- PRAZO DE MATRÍCULA:

Desde o 25 xuño ata o 10 de xullo de 2024.

Atoparedes toda a información pertinente, na nosa páxina Web <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescotobade/> e no taboleiro de anuncios do Centro.

Recomendamos a consulta das novas da páxina web.